

**MODIFICACIÓN DA CONCRECIÓN
CURRICULAR.
CURSO 2021/2022**

**CENTRO: C.E.I.P. PLURILINGÜE DE CASTRELO
DATA: ABRIL 2022**

Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galicia.



ÍNDICE

- 1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado.**
- 2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria)**
- 3. Decisións e criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/22.**
- 4. Aprobación e publicidade da modificación da concreción curricular.**



1. Criterios xerais para a avaliación do alumnado

1.1. Criterios para o tratamento de materias pendentes

- Plan específico de reforzo que deberá incluír cando menos:
 1. Identificación da alumna ou do alumno.
 2. Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
 3. Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
 4. Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
 5. Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
 6. De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
 7. Acreditación da información á familia.

1.2. Criterios de promoción do alumnado de curso/etapa

En referencia aos **criterios de promoción** cabe sinalar que a promoción do alumnado decídese na sesión de avaliación final. **A decisión da promoción será adoptada de xeito colexiado**, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

Sempre que se cumpran as seguintes condicións, **poderase decidir a promoción**:

- A cualificación positiva en todas as áreas.
- A natureza das materias non superadas non impida seguir con éxito o ciclo seguinte.
- A promoción beneficie a súa evolución e desenvolvemento.
- A existencia de expectativas favorables de recuperación no novo curso. Esta decisión sobre a promoción realizarase ao rematar os cursos de 2º, 4º e 6º de Educación Primaria, como consecuencia do proceso de avaliación. O resto dos cursos, 1º, 3º e 5º de Educación Primaria, a promoción será automática.

O alumnado non acadará a promoción sempre que se considere que non logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e non alcanzou un axeitado grao de desenvolvemento das competencias clave correspondentes tendo en conta o perfil competencial do centro en cada ciclo, apoiado nos informes ou rúbricas que correspondan. **Esta non promoción considerarase unha medida de carácter excepcional, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, puidéndose adoptar esa decisión unha vez durante a etapa, oída a familia, nos cursos pares (2º, 4º ou 6º).**

Terase en conta ademais que, cando cumpra a situación anterior, e como consecuencia do proceso de avaliación, poderase decidir a non promoción, cando o/a alumno/a ademais:

- ✓ *Teña cualificación negativa nas áreas instrumentais (linguas e matemáticas).*
- ✓ *Teña cualificación negativas nas linguas e dúas áreas máis.*
- ✓ *Teña cualificación negativa en matemáticas e dúas áreas máis.*



2. Criterios do outorgamento de mencións honoríficas (primaria)

2.1. Criterios xerais

- Obtención dunha media sobresaínte ao remate do curso.
- Demostración dun rendemento académico excelente
- Avaliación das competencias clave con carácter notable e sobresaínte.

Estes criterios serán analizados na reunión de avaliación de final de curso do curso correspondente. Nesta acta de avaliación deberá constar a proposta de Mención Honorífica.

3. Criterios xerais na modificación das programacións didácticas do curso 2021/2022

3.1. Especificar o procedemento para seguimento da recuperación das materias/ámbitos pendentes.

Realizarase **trimestralmente a través do punto 8 de cada programación docente.**

Unha vez realizada esta, cada mestre/a deberá adecuar a súa práctica docente a aqueles estándares pendentes de ser traballados e/ou outras circunstancias que deberá recoller na mesma.

3.2. Indicar o modelo a utilizar por todo o profesorado para a modificación das programacións didácticas

Este modelo está recollido no punto 8 de cada programación docente.



4. Aprobación e publicidade	
4.1. Aprobación	Convocatoria reunión extraordinaria do claustro de mestres.
4.2. Publicidade	<p>Procedemento de publicidade da modificación da concreción curricular e das programacións didácticas.</p> <ul style="list-style-type: none">• Data publicidade na páxina web do centro. 26 de abril de 2022• Datas información ás familias por parte dos titores/as a través de Abalar Móbil: no prazo de 5 días hábiles tras a publicación na web do centro.